PROGRAMACIÓN

DEPARTAMENTO DE FRANCÉS

AS INSUAS

CURSO ACADÉMICO 2021-2022

Índice

1. MEMBROS DO DEPARTAMENTO E DISTRIBUCIÓN DE DOCENCIA 2
2. INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN..... 2
3. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE 3
4. OBXECTIVOS POR CURSO 5
5. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE – ESO..... 7
6. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS..... 7
6.1. Aspectos xerais..... 8
6.2. Estratexias metodolóxicas..... 8
6.3. Exemplo de secuenciación de traballo na aula 8
6.4. Avaliación:..... 8
6.5 Outras decisións metodolóxicas..... 9
6.5. Ensino presencial, semipresencial e telemático: 9
7. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS..... 10
8. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN 11
8.1. Avaliación inicial.....11
8.2. Avaliación continua 11
8.3. Observacións xerais para a avaliación do alumnado:.....12
9. PROGRAMA DE AVALIACIÓN E SEGUEMENTO DE PENDENTES 12
9.1. Plan de recuperación da pendente: 12
10. PLAN DE REFORZO PARA REPETIDORES:..... 13
11. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE 13
12. CONTIDOS TRANSVERSAIS..... 18
13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES. 19
14. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE..... 19
14.1. Indicadores de logro do proceso de ensino.....19
14.2. Indicadores de logro da práctica docente.....20
15. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 20

1. MEMBROS DO DEPARTAMENTO E DISTRIBUCIÓN DE DOCENCIA

O Seminario de Francés está formado polo profesor e xefe de departamento **Jose Luis Obelleiro Somoza**

O reparto de grupos ós que se vai impartir docencia, e á falta das avaliacións iniciais) é o seguinte:

1ºESO: 1 grupo de 15 alumno.as

2ºESO: 1 grupo de 13 alumno.as

3ºESO: 1 grupo de 9 alumno.as.e outro de 5 alumno.as

2. INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

O aumento das relacións internacionais fai que o coñecemento de linguas estranxeiras sexa unha necesidade crecente na sociedade actual.

O seu dominio implica a posibilidade de acceder a outras culturas, costumes e idiosincrasias e fomentar as relacións interprofesionais, favorecendo unha formación integral do individuo e desenvolvendo o respecto por outros países, polos seus falantes e polas súas culturas.

A integración na Unión Europea fai necesario o coñecemento de linguas estranxeiras para facilitar a comunicación entre os seus membros. Neste contexto, recoñécese o papel das linguas estranxeiras como elemento clave na construción da identidade europea que é un dos factores que favorece a libre circulación de persoas e facilita a cooperación cultural, económica, técnica e científica entre os países.

O Consello de Europa establece un marco de referencia común europeo para a aprendizaxe de linguas estranxeiras e para desenvolver progresivamente a competencia comunicativa nunha determinada lingua. O alumnado debe ser capaz de levar a cabo unha serie de tarefas de comunicación que configuran un conxunto de accións que teñen unha finalidade concreta dentro dun ámbito específico. Para a súa realización, actívase a competencia comunicativa, póñense en xogo diversas estratexias e utilízanse diferentes destrezas lingüísticas e discursivas de forma contextualizada.

A competencia comunicativa, incluirá as seguintes subcompetencias: competencia lingüística, pragmática ou discursiva e sociolingüística. O alumnado utilizará estratexias de comunicación de forma natural e sistemática co fin de facer eficaces os actos de comunicación realizados a través das destrezas comunicativas que serán: produtivas, receptivas e baseadas na interacción ou mediación. A lingua estranxeira debe converterse na lingua de comunicación

oral na clase, sendo de vital importancia a presentación ós alumnos de actividades que fagan posible a mellora da comprensión oral e que axuden á produción de textos orais, tendo en conta o contido máis cá forma durante o primeiro ciclo, e facendo máis fincapé na forma durante o segundo ciclo. En canto á comunicación escrita, resulta esencial adestrar ao alumno no dominio das claves non lingüísticas que lle axuden a comprender a mensaxe e nas prácticas de comprensión escrita centradas tanto na lectura extensiva como intensiva.

A avaliación non pode equipararse cos resultados dos exames escritos ou test gramaticais exclusivamente. As probas teñen que medir a competencia comunicativa no bloque da comunicación escrita e no da comunicación oral, a reflexión sobre a lingua e o compoñente sociocultural. A avaliación, pois, abarcará as catro destrezas e servirá para que o alumno reflexione sobre a súa aprendizaxe e para que o profesor reflexione sobre o seu papel como facilitador desa aprendizaxe.

Contextualización.

O Ies As Insuas está situado en Serres, concello de Muros.

Os alumnos e alumnas proveñen das localidades de Louro, Esteiro, Tal, Abelleira, e Torea, parroquias todas elas de menor carácter urbano que a propia localidade de Muros.

Na súa totalidade son rapaces e rapazas galego-falantes, aínda que nos últimos anos comezan a aparecer algúns casos de castelán-falantes.

Este centro ten coma particularidade ser un centro pequeno pero con forte personalidade.

3. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Tendo en conta a evolución actual da didáctica das linguas estranxeiras, o alumnado a través do enfoque accional da lingua poderá a través das estratexias comunicativas: recepción, produción, interacción e mediación, chegar aos obxectivos de curso e etapa determinados pola lei. O Decreto 86/2015 do 25 de xuño no seu artigo 3 fala das seguintes competencias clave á hora de desenvolver o currículo (entendendo por competencias, as capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos):

1. **Competencia en comunicación lingüística - CCL**

2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía - CMCCT

3. Competencia dixital – CD

4. **Competencia para aprender a aprender - CAA**

5. Competencia social e cívica - CSC

6. Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor - CSIEE

7. **Competencia para a conciencia e expresións culturais - CCEC**

Contribución as competencias da materia:

a) **Competencia en comunicación lingüística – CCL:** A metodoloxía do enfoque accional traballando as estratexias: recepción, produción, interacción e mediación, implica un traballo de esta competencia en tódolos seus ámbitos: lingüístico, semántico, pragmático, cultural. O traballo que se fai na nosa materia complementará a aprendizaxe e as estratexias de adquisición e perfeccionamento das linguas mellorando así a adquisición desta competencia clave no alumnado.

b) **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía:** *(non presente no Decreto para esta materia).* Dado o traballo sobre a realidade do alumnado e as situacións de comunicación habituais derivados da metodoloxía posta en práctica, o alumnado afrontará situacións nas que se traballe esta competencia como o uso dos números, a hora, o coñecemento do entorno (animais, plantas, paisaxe). De igual maneira o uso da tecnoloxía está presente na sociedade actual, e mesmo si non se traballará o desenrolo dos conceptos, a comparación, tradución e identificación de termos destes dominios contribuirá a unha mellor adquisición desta competencia.

c) **Competencia dixital:** dada a situación de pandemia actual, esta competencia acadou unha gran importancia no curso pasado e neste. O Departamento prevé un desenrolo de das actividades de maneira que poidan ser levadas a cabo de maneira virtual (apartado correspondente). Xa dende o ano pasado o Departamento traballa nunha adquisición por parte do alumnado das estratexias básicas dixitais. Este ano continuarase a traballar a través da aula virtual do centro, con actividades que comprendan as diferentes estratexias tecnolóxicas para acadar un domino desta competencia.

d) **Competencia para aprender a aprender:** Un dos papeis fundamentais do profesor é facilitarlle ós alumnos unhas estratexias de aprendizaxe que lles permiten diversificar as súas formas de aprender (visual, auditiva e kinésica). Explícanse numerosas técnicas (memorización, repetición, mapas conceptuais...) que facilitarán iniciarse na aprendizaxe e

seguir aprendendo de maneira cada vez máis eficaz e autónoma**.** A través da proposta de realización de auto-avaliacións, avaliacións de grupo o alumno desenrolará un espírito crítico en relación a súa progresión na aprendizaxe. e) **Competencia social e cívica**: Nas actividades propostas traballaranse diferentes aspectos da cultura e a civilización francófona: a aparencia, os hábitos, a alimentación, o aloxamento, as viaxes, a paisaxe.... Con esta presentación e análise das semellanzas e diferencias entre as culturas, os alumnos melloran a súa competencia cultural así coma o competencia social e cívica, potenciando un espírito de tolerancia e respecto .

f) **Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor** A través de certas actividades como organizar unha viaxe, solicitar un emprego, elixir un aloxamento de vacacións ... o alumnado traballará a esta competencia. O traballo en grupo tamén axudará a traballar estas estratexias no momento de programación e distribución do traballo, así como da avaliación en grupos para mellorar os resultados obtidos e traballar o tratamento do erro.

g) **Competencia para a conciencia e expresións culturais:** dado que na nosa materia traballamos a cultura francófona, o coñecemento, e o entendemento dos hábitos culturais das outras rexións son fundamentais. É imposible aprender unha lingua sen aprender a súa cultura e as súas expresións culturais. Desde o Departamento non so se traballará o coñecemento destes, se non que se fará especial fincapé nas actitudes de compresión e tolerancia caras ás outras culturas.

Perfil competencial:

a relación entre os estándares de aprendizaxe traballados e as competencias aparece referenciada no **ANEXO I**

NOTA: O Departamento traballará como caderno de aula coa aplicación Additio (Aplicación que cumpre os requisitos da UE en canto a protección de datos e localización dos servidores). Esta aplicación xa permite indicar en cada actividade realizada os estándares traballados así como as competencias.

4. OBXECTIVOS POR CURSO

Entendemos como obxectivos os referentes relativos aos logros que o alumnado debe alcanzar ao rematar o proceso educativo como resultado das experiencias de ensino e aprendizaxe intencionalmente planificadas para tal fin.

ESO (Decreto 86/2015)

a. Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

A evidente aportación da materia de 2LE a este obxectivo comeza dende o respecto e a tolerancia cara a outra cultura. Dende o coñecemento de aspecto cotiás ata a historia (Déclaration des droits des hommes, Jour de la Paix, Le jour d'Europe, La Francofonía, etc.) esta materia aportará unha visión integradora de educación no tolerancia.

b. Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas de aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal. A través do enfoque accional o alumnado deberá aprender a desenrolar unha tarefa de maneira autónoma, potenciando este ano ademais o traballo telemático en equipo e individual para poder mellorar as competencias do alumnado do centro, moitas veces deficitarias dado o baixo acceso á tecnoloxía que presenta o noso Concello.

c. Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

A través das diferentes personalidades presentadas, nas datas sinaladas, etc. Traballaranse estes conceptos dende o ensino do respecto total por estas realidades.

d. Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

A presentación dunha lingua co debate de actualización da linguaxe inclusiva, as tarefas, textos, cancións presentadas no aula traballan de maneira directa este tipo de actitudes e problemáticas. e. Desenvolver destreza básicas na utilización das fontes de información para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

Especialmente este curso, traballarase o traballo a través dos medios tecnolóxicos pero sempre baixo un espírito crítico, de análise e crítica da información obtida.

f. Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
Tanto nos traballos en grupo como nas diferentes tarefas traballaremos o logro dun obxectivo a través do proceso de aprendizaxe que nos levará a planificar, avaliar o proceso, traballar cos erros de maneira construtiva e a desenrolar a través da adquisición doutra lingua a confianza en si mesmo e o espírito emprendedor.
g. Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada. Sendo o obxectivo relacionado directamente coa materia, a través dun enfoque accional traballaremos as destrezas necesarias para poder ser un usuario autónomo en francés.
h. Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.
Dada a orixe latina das tres linguas, a través dunha metodoloxía comparativa, traballarase o enriquecemento dado polo plurilingüismo.

5. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE – ESO

Por cuestións de presentación desta programación, os estándares de aprendizaxe, a temporalización, o grado mínimo de consecución, o peso na avaliación de cada estándar e os procedementos e instrumentos de avaliación dos mesmos se presentan no **ANEXO I.**
(*) Dado o carácter xeral dos estándares da materia tódolos estándares serán traballados ao longo de todo o curso.

6. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS.

A metodoloxía xeral basearase na enfoque accional segundo as estratexias marcadas polo MCER e o Decreto 86/2015. Para a adquisición das estratexias necesarias para a adquisición dunha lingua: recepción, produción, interacción e mediación o Departamento proporá diferentes actividades (visuais, auditivas e kinésicas) adaptadas aos alumnos e a súa diversidade. Nestas actividades propostas traballaremos os cinco bloques recollidos no Decreto a través do logro dos estándares recollidos na lei.
Para lograr unha maior motivación, as actividades estarán adaptadas aos intereses do alumnado, a súa idade e ao deu entorno. Para isto a comunicación coas profesoras e as avaliacións iniciais xogarán un rol moi importante.

Asemade, destacaremos dentro da metodoloxía o tratamento do erro, que será presentado como un medio de aprendizaxe e non como unha penalización. Na adquisición das linguas é moi importante o capacidade de expresarse sen medo a cometer erros e neste sentido, as profesoras animarán á expresión, sen cortes constantes para á corrección. Esta será tratada como un medio de reflexión sobre as posibles melloras que se levará a cabo como aprendizaxe significativa.

6.1. Aspectos xerais

- Partir da competencia inicial do alumnado.
- Ter en conta a diversidade: respectar os ritmos e estilos de aprendizaxe.
- Potenciar as metodoloxías activas e participativas:
- Combinar traballo individual, en parella e cooperativo.
- Aprendizaxe, eminentemente practico, que desenvolva todas as destrezas lingüísticas. - Papel activo do alumnado e papel facilitador do profesor/a.

6.2. Estratexias metodolóxicas

Como consideramos que a progresión en FLE é en espiral, estas actividades serán de diversa índole: - iniciais ou de coñecementos previos,
- de sistematización,
- de ampliación de contidos estudados,
- de consolidación de contidos anteriormente explicados,
- de reformulación: variacións sobre o estudiado,
- de avaliación,
- de recuperación.

Entre elas, podemos atopar:
- Definición e exposicións das tarefas a realizar.
- Actividades en parellas, pequeno grupo o grupo clase de mobilización de ideas previas. Toma de - Lectura e análise de documentos, textos, prensa, etc.
- Elaboración de sínteses, resumos.
- Escoita activa.
- Actividades de expresión oral e escrita; interacción na aula.
- Búsquea de solucións, resolución de problemas, retos, proxectos.

6.3. Exemplo de secuenciación de traballo na aula

Motivación:
- A partir dun imput de natureza diferente, actividade de mobilización de ideas previas.

Información do profesor/a:

- Información básica para todo o alumnado.
- Información complementaria para reforzo e apoio, tanto en pequeno grupo cooperativo, como apoios individuais.
- Información complementaria para afondamento e ampliación.

Traballo do estudante, de maneira individual ou en pequeno grupo cooperativo: - Reflexión sobre ideas previas. Posta en común.

- Búsquea eficaz de hipóteses para mobilizar novas aprendizaxes.
- Escoita activa. Interacción con fontes orais de información.
- Lectura e comprensión de textos en diferentes soportes e formatos.
- Formulación de dúbidas e verificación de hipóteses. Resolución de problemas. - Análise de documentos, pequenas investigacións, etc.
- Organización da información. Actividades estruturais, dirixidas ou semidirixidas de expresión oral e/ou escrita.
- Interacción cos compañeiros. Actitude participativa e colaboradora nos traballos cooperativos. Mediación en caso de pequenos conflitos á hora de traballar en equipo.

6.4. Avaliación:

- Recollidos no **ANEXO** I concrecións das probas realizadas

6.5. Outras decisións metodolóxicas

- Agrupamentos: segundo as tarefas propostas: actividades en grupo-clase, traballos individuais, en parella ou pequeno grupo colaborativo e heteroxéneo.
- Emprego de metodoloxías activas nas que o alumnado sexa o centro da aprendizaxe; nas que se propicie un clima de confianza e de interacción: profesor-alumno/a, alumno-alumno, alumno-alumnos (pequeno grupo, grupo clase) e permitan a negociación dos contidos que se van desenvolver. Por mor da actual situación, todas las actividades estarán a disposición do alumnado a través da Aula Virtual do centro para poder fronte a eventuais faltas de asistencia por parte de algún deles. As profesoras farán o acompañamento no traballo adecuado para este alumnado. decisións en grupo.

6.6. Ensino presencial, semipresencial e telemático:

A programación de este curso estará supeditada os posibles cambios ou adaptacións que o Departamento crea convinte en función dos posibles novos escenarios que se presenten. De maneira xeral, que as actividades planificaranse nos tres escenarios posibles: presencial, semipresencial e non presencial Todo o traballo do ano estará dispoñible na **aula virtual** do centro para que o alumnado que non poida estar presente nun momento dado poida seguir o desenrolo da materia de maneira efectiva.

a) Presencial: a adquisición das competencias por parte do alumnado será levada a cabo coas actividades realizadas na aula. Porén pode presentarse o caso de alumnos/as confinados ou con síntomas que poderán seguir o traballo a través da Aula Virtual do centro.

b) Semipresencial: O alumnado traballara na casa as destrezas de compresión, a introdución ou revisión de conceptos lexicais ou gramaticais, así como a lectura ou proxectos. No aula traballaranse as dúbidas e as destrezas de produción dado que soen ter maior dificultade. A avaliación será no momento presencial cos parámetros determinados na programación**: ANEXO I**

c) Non presencial: O traballo das destrezas será a través do aula virtual. As clases levaranse a cabo a través da plataforma Webex e terán unha temporalización do 50% do horario lectivo, sendo o 50% restante de traballo persoal ou en grupos. Será un requisito ter a cámara conectada para que as profesoras poidan comprobar o seguimento de clase. A conexión na hora común será OBRIGATORIA, e se non é posible o alumnado terá que comunicalo a súa profesora.

A Avaliación será cos mesmos porcentaxes e unha adaptación se compre dos instrumentos segundo a actividade e destreza a avaliar, pasando a ser:

· Proba oral: exame persoal ou en grupos pequenos coa profesora “en directo”, vídeos, audios, sketches, presentacións voz en off,...

· Proba escrita: poderá ser en tempo real ou a entrega a través da aula.

· Compresións escritas e orais: poderá ser en tempo real ou a entrega a través da aula. · Proxecto e participación na aula: segundo o estipulado no anexo valorando as clases virtuais.

En caso de haber alumnado que non poida seguir as clases de forma telemática, seguiranse as instrucións da Xefatura de Estudos nunha acción coordinada para poder asegurar a docencia a este alumnado (entrega de fichas de traballo, reunións presenciais, etc.).

No caso de ter que avaliar soamente os aprendizaxes esenciais, estes serán os recollidos no **ANEXO IV** no que son recollidos por curso.

Respecto os obxectivos que o alumando logrará por mor desta adaptación, segundo o decreto 86/2015 son: a, c. d, i

No que atinxe as competencias: CCL, CAA, CCEC, CSC e CD

7. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Estando pendente de acordo coa Editorial:

En 1º ESO trabállase co método “Jeu de Mots A1” da Editorial Vicens Vives.

En 2º ESO trabállase co método “Jeu de Mots A1/A2” da Editorial Vicens Vives.

En 3º ESO trabállase co método “Jeu de Mots A2” da Editorial Vicens Vives.
Ademáis do uso de método, o profesoarado empregará material de complemento e reforzo e tarefas propias que estarán a disposición do alumnado a través da aula virtual do centro.

8. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

Por cuestións de presentación desta programación, os estándares de aprendizaxe, a temporalización, o grado mínimo de consecución, o peso na avaliación de cada estándar e os procedementos e instrumentos de avaliación dos mesmos se presentan no **ANEXO I**.

8.1. Avaliación inicial

Ademais dos diferentes aspectos persoais, familiares e de saúde que se comuniquen na Avaliación Inicial que se celebrará a comezo deste curso as profesoras realizarán unha proba inicial para comprobar cales son os coñecementos que o alumnado de cada curso ten adquirido (excepto 1ESO que o non recibir nunca docencia da materia a proba versará de coñecementos da cultura francófona e estudo das linguas estranxeiras), así como cales son intereses do alumnado para que a planificación atenda a diversidade e intereses do grupo.
Farase especial atención a coñecer a situación de cada alumno de cara a un posible escenario semipresencial ou online para poder desenrolar un traballo adecuado.
No caso de detectarse algún caso de alumnado que poida ter problemas graves cursando a materia, poderase recomendar a elección doutra materia, no caso de seren optativa, ou valorarase a necesidade de entregarlle material de reforzo para traballar fóra do horario lectivo da materia e sendo logo revisado pola profesora co fin de recuperar os coñecementos non adquiridos.
No caso de 1º e 2º ESO, o Departamento colaborará cos Departamento de Orientación e de Linguas maternas para detectar posibles casos de alumnado que puidera estar exento da materia.

8.2 Avaliación continua

Podemos ver un resumo no seguinte cadro

ESO	**CO – 15%** **EO – 25%** **CE – 15%** **EE – 25%** **Proba de gramática e léxico - 10%** **USO LINGUA+PROXECTOS – 10%**	**ORDINARIA:** **TR1 + TR2 + TR3 25% + 30% + 45%**

En cada trimestre realizaranse probas para avaliar as 5 destrezas da lingua determinadas polo MCER: comprensión, expresión, interacción, produción e mediación traballadas a través do estándares. O peso de cada un deles e os instrumentos de avaliación están determinados no **ANEXO I** así como a concreción das probas para os bloques de estándares e os seus instrumentos de avaliación.

A nota final de cada avaliación obterase da nota ponderada dos estándares traballados segundo o **ANEXO I** e cun redondeo a alza si a diferencia é menor de 0.5.

Nota da avaliación ordinaria: presentado esta materia unha aprendizaxe continua e en espiral, o peso das notas das avaliacións trimestrais para o cálculo da nota ordinaria será:

TR1 – 25% + TR2 – 30% + TR3 – 45%

Avaliación extraordinaria (de habela): Dadas as necesidades do centro para a realización destas probas, serán avaliadas as seguintes destrezas coa ponderación (limitacións de tempo e espazo) : Expresión escrita: 35% + Comprensión escrita: 35% + Léxico: 30%

8.3. Observacións xerais para a avaliación do alumnado:

· Si o día da realización dunha proba un alumno/a está ausente por mor de ter síntomas ou estar confinado, o Departamento seguirá as normas acadadas pola CCP.

· Se durante a realización dunha proba avaliable, o alumnado é sorprendido utilizando calquera tipo de axuda fóra da estritamente autorizada pola profesora, incluído o uso de calquera dispositivo electrónico, retirarase o exame e procederase a realizalo nese mesmo intre escrita ou oralmente segundo o criterio da docente (entendese que o profesorado pode retirar o dispositivo ou o material empregado, que será entregado á Xefatura de Estudos coa comunicación inmediata os pais / titores do alumno). Se este suposto sucede na convocatoria extraordinaria, o docente tomará as medidas pertinentes para poder repetir inmediatamente o exame sen ningún tipo de axuda e nos termos que se estimen convinte.

En ningún caso se corrixiran as probas que non respecten as consignas dadas polas profesoras da materia (probas de contidos feitas a lapis, probas nas que non figuren o nome, apelidos e a data, etc.). No caso de que o alumnado non se presente á proba, no día no que é convocado, deberá xustificar documentalmente dita ausencia e será convocado pola profesora para facer a devandita proba cando se estime oportuno, á maior brevidade posible e, de ser posible, na seguinte hora lectiva do seu grupo.

9. PROGRAMA DE AVALIACIÓN E SEGUEMENTO DE PENDENTES

A proba oficial de pendentes levarase a cabo en acordo coa Xefatura de Estudos. No caso do alumnado coa materia pendente que no presente curso segue a ser alumno de Francés, se as

profesoras que lle imparten docencia observan unha evolución importante no alumnado e consideran que co traballo, a participación e as notas acadados durante o primeiro e o segundo trimestre do presente curso, ó alumno se lle pode dar a materia por recuperada, comunicaran esta información á xefe de departamento para notificarlle xa a recuperación da materia pendente.

9.1. Plan de recuperación da pendente:

Cada grupo terá unha lista de temas: expresións escritas e expresións orais que terá que preparar ao longo do ano en acorda á materia vista no curso non superado.

Porén, hai que ter en conta que considerarase a materia progresiva. É dicir que se un alumno aproba un curso ou nivel superior ou avaliación ao que ten pendente, automaticamente a materia será considerada academicamente como superada positivamente con respecto aos cursos inferiores dos que se trate.

O xefe de Departamento indicará ao alumnado unha hora de atención para dúbidas, posibles correccións, ensaios de exame. O día do exame o alumnado realizará as probas co sorteo dos temas preparados.

Este material estará dispoñible para o alumnado na aula virtual do centro e o Xefe de Departamento asegurará o acceso de tódolos alumnos pendentes a esta información cunha comunicación por escrito. Tanto en réxime presencial, semi-presencial e telemático o exame será realizado nos mesmos termos. Para poder acadar una cualificación positiva o alumno/a ten que obter un mínimo de 3 puntos en cada unha das destrezas traballadas.

Nos casos particulares de alumnos coa materia pendente e problemáticas específicas, o Departamento consensuará as decisións oportunas.

10. PLAN DE REFORZO PARA REPETIDORES:

Dadas as características do curso pasado e deste que comeza, o Departamento fará especial atención a atención personalizada ao alumnado repetidor coas medidas seguintes:

- Seguimento personalizado do traballo . Informe de ser necesario ao titor e / ou familia · Reforzo con material ou titorías no recreo se fose necesario.
- As profesoras deben ter en conta que os repetidores non viron tódolos contidos no curso anterior.

11. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

As orientacións para o tratamento metodolóxico da materia a impartir destaca a obrigatoriedade do principio global da actividade educativa da atención á diversidade. Sabemos que entre os

nosos alumnos pódese apreciar unhas diferencias de intereses, capacidades, coñecementos, e procesos de motivación. De igual maneira, nesta diversidade de actividades atenderase aos diferentes tipos de aprendizaxe que presenta o alumnado para poder facilitar o aprendizaxe a todo o grupo.

No momento de impartir as clases, o profesorado terá en conta os diferentes tipos de contidos de referencia, relacionando sempre estes coas habilidades e as estratexias comunicativas, o mesmo tempo que son presentados nunha grande variedade de situacións practicas. Todo o material do que dispón o departamento é un gran apoio no momento de respectar as diferencias de comprensión e de expresión.

Soamente o profesorado, no contexto da súa clase e segundo a relación co seu grupo pode determinar cunha máis grande precisión o momento de tratar certos contidos, a profundidade con que facelo, as actividades a realizar para conseguir unha aprendizaxe adecuada deses contidos dependendo da diversidade do grupo.

É evidente que na clase de francés LE o traballo en valores vai a estar moi presente, pois o primeiro valor que se destacará e a tolerancia e a comprensión fronte a outra cultura como é neste caso a francófona.

O feito de conseguir comunicarse ademais de educar nun valor social, tamén traballa a autoestima no alumnado, que valora profundamente o seus logros.

O Departamento de Francés colaborará directamente cos equipos docentes de 1º e 2º ESO e o departamento de orientación para decidir ó alumnado que se beneficiará das EXENCIÓNS da 2ª LE. Así mesmo, traballarase de maneira pormenorizada co alumnado do que se reciba información relativa ás súas dificultades de aprendizaxe diagnosticadas, información obtida na Avaliación Inicial. Este curso, polas súas peculiares características, o Departamento fará especial atención ao alumnado que presente dificultades tecnolóxicas, ben de contidos ou de medios para que poidan acadas os resultados esperados.

MEDIDAS ORDINARIAS E EXTRAORDINARIAS

:

Adoptaranse as medidas previstas no Real decreto 1.105/2014 do 26 de decembro, no que se regulan medidas de atención á diversidade, organizativas e curriculares. Tratarase na medida do posible de adecualo proceso de ensino-aprendizaxe no caso de alumnado con necesidades ou dificultades específicas; e fomentala súa inclusión no grupo de alumnos.

Adoptaranse as medidas que se consideren oportunas para adecuar a intervención pedagóxica ás necesidades específicas do alumnado. Tanto no caso de alumnado con dificultades para seguir o currículo establecido como doutros que presenten determinadas dificultades sensoriais ou como noutros casos que se poidan detectar, tratarase de fomentar a colaboración e a solidaridade sobre todo no que se refire a non permitir que se emitan xuízos negativos sobre a capacidade de comprensión ou de producción dos alumnos.

Concreción de medidas:

- Ter en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe.
- Prever para un mesmo obxectivo/contido varias actividades de menor a maior dificultade.
- Adaptar os contidos en base a unha atención individualizada:
  - >Asociación texto-imaxe.
  - >Búsqueda de información global ou específica.
  - >Búsqueda de información guiada.
  - >Deducción do significado polo contexto.
  - >Explotación de elementos lingüísticos a través de soportes multimedia.
- Realizar diferentes tipos de avaliación se fose necesario

Medidas ordinarias	
Organizativas	Curriculares
• Adecuación para algún alumno/a ou grupo da estrutura organizativa do centro e/ou da aula. a).-Tempos diferenciados, horarios específicos: ampliarase o tempo para a realización dunha tarefa ao alumnado que presente dificultades de aprendizaxe. Terase en conta o ritmo de aprendizaxe do alumno/a.	• Adaptacións metodolóxicas para algún alumno/grupo, como por exemplo: traballo colaborativo en grupos heteroxéneos; aprendizaxe por proxectos; flexibilización de contidos para o alumnado con dificultades ou de incorporación tardía; impartición de contidos propios ou ampliación de contidos para alumnado con altas capacidades; prever para un mesmo contido actividades de menor a maior dificultade; potenciar o uso da linguaxe plástica e iconográfica; dinamizar o pensamento cognitivo fomentando o desenvolvemento da sensibilidade artística e musical, fomentala socialización e a

b).-Espazos diferenciados: impartirase clase na aula habitual e na aula de informática ou de idiomas para usalos diferentes recursos previstos, evitala monotonía e incrementalo interese do alumnado. Aproveitarase o cambio de aula para adecuala intervención pedagóxica e atendela diversidade de niveis competencias, propoñendo aos alumnos actividades específicas (repaso de contidos lingüísticos, actividades de discriminación de sons para mellorala competencia en comunicación lingüística...). • <u>Materiais e recursos didácticos diferenciados</u>: -Recomendar métodos de maior ou menor nivel (Débutant-A1-A2-B1-B2-C1), a principios de curso ou no caso de incorporación tardía do alumno conforme ó seu nivel competencial. -Incorporar material iconográfico e audiovisual específico para o alumnado conforme as súas necesidades. -Proposta de lecturas adaptadas de maior ou menor nivel (Débutant-A1-A2-B1-B2-C1). -Proposta de material: actividades de reforzo ou complementarias.	inclusión do alumnado xogos e actividades interactivas. Proporcionar descansos ou aplicar outras medidas indicadas polo orientador do centro, no caso de alumnado diagnosticado (*TDAH). Empregar as novas tecnoloxías como medio de aprendizaxe que permita incrementalo interese e a motivación do alumnado. • <u>Adaptación dos tempos e/ou instrumentos de avaliación para alumnado con necesidades:</u> -Realización dunha avaliación personalizada: no caso de grupos heteroxéneos ou con intereses diferenciados as probas poderán ser xerais onde se inclúan actividades máis complexas (completar con unha estrutura lingüística, desenvolver un tema de actualidade, escribir un diálogo, expresar unha opinión; ou/e probas específicas onde se combinen dentro da proba actividades máis sinxelas, de elección de opcións múltiple, completar frases, confirmar unha afirmación ou negala (probas de comprensión oral ou escrita indicando si as frases son verdadeiras ou falsas), asocialo léxico à imaxe correspondente, completar un esquema, un mapa ou identificar unha información a partir na lectura dun texto ou documento. -Realización dunha avaliación por proxectos para o alumnado en xeral no caso de que non se poidan facer tódalas probas previstas das diferentes destrezas por motivos de tempo; ou polas dificultades que presente ó alumnado. -No caso da materia de francés segunda lingua estranxeira atenderase ó establecido no propio marco común europeo con respecto ó nivel de adquisición de contidos, destrezas e competencias, dentro da medida do posible: realizar probas por niveles (A1-A2-B1-B2-

• Desdobramentos de grupos. • Reforzo educativo e/ou apoio de profesorado na aula: preverase no caso de incorporación de alumnado con dificultades sensoriais. Atenderase as pautas que estableza o departamento de orientación.	C1), centradas en aprendizaxes significativas (completar un formulario para inscribirse nun concurso, completar un horario da saída dun vo nun aeroporto...) • Programas de reforzo para alumnado que tivo promoción sen superar as materias. • Programa específico para alumnado repetidor da materia. Aplicación personalizada dese programa específico para repetidores da materia: lecturas adaptadas de maior ou menor nivel (Débutant-A1-A2-B1-B2).

*Alumnado con TDAH (Trastorno por déficit de atención e hiperactividade)

MEDIDAS EXTRAORDINARIAS:

Medidas extraordinarias	
Organizativas	Curriculares
